



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Admisión a ciclos de Formación Profesional 2017-2018

Instrucións para consultar o estado das solicitudes do proceso de admisión

Índice

1.	Introdución	3
2.	Autenticación no sistema de usuarios da consellería	3
3.	Procedemento de consulta do historial de admisión	3

1. Introducción

As persoas identificadas como usuarias no sistema de admisión de formación profesional que fixeran solicitudes para calquera réxime, modalidade e grao de ciclos formativos de formación profesional poden acceder a consultar o seu historial do proceso de admisión.

2. Autenticación no sistema de usuarios da consellería

É moi probable que ás persoas solicitantes no proceso de admisión que puxeron como dato un correo electrónico lles chegase un correo como o seguinte:

ALTA NOVO USUARIO:

Comunicámoslle que, segundo os datos que figuran na base de datos da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, se solicitou a creación dunha conta de correo persoal.

Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=alta>

Debe realizar a activación cos seguintes datos:

Código de activación: XXXXXX

Dispón de dez días, desde a recepción deste código, para formalizar a activación da conta.

A través das instrucións do correo creouse (ou púidose crear) un nome de usuario para acceder á aplicación "ciclosadmision", para xestionar a reserva de prazas de distancia e informarse do seu expediente.

No caso de persoas usuarias que non lembren o contrasinal, cumprirá entrar no seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/ReenviarPinIn.do>

- Deberase indicar o DNI/NIE e o correo electrónico de contacto.
- A continuación, a persoa usuaria recibirá un código PIN que lle permitira cambiar o contrasinal, empregando o seu DNI/NIE, na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=recupera>


Tamén poderán acceder á aplicación "ciclosadmision" as persoas que dispoñan dun certificado dixital válido.

Para calquera dúbida na autenticación de usuario cumprirá contactar coa UAC no 881 997 701 ou no correo uac@edu.xunta.es

3. Procedemento de consulta do historial de admisión

Para consultar o historial, deberase ir ao enderezo: www.edu.xunta.es/ciclosadmision

Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal prema na pestana “Solicitantes” no menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:



A continuación seleccione no desplegable “Consulta solicitudes”. Poderá consultar todos os elementos relacionados coas súas solicitudes de admisión a ciclos formativos de calquera réxime, modalidade e grao.

O servizo de consulta do estado das solicitudes poderá estar total ou parcialmente deshabilitado temporalmente en función das fases do proceso de admisión e de accións de mantemento da aplicación informática, sinaladamente durante os períodos previos á publicación das adjudicacións.